



Santiago de Compostela, 8 de abril de 2016

Estimado/a director/a:

Poñémonos en contacto con vostede para comunicarlle que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veñen de asinar un acordo de colaboración que pretende estimular o coñecemento do medio natural entre os rapaces e as rapazas en idade escolar.

Dentro dos numerosos espazos naturais protexidos cos que conta a nosa Comunidade destacan os Parques Naturais, referentes para o coñecemento dos ecosistemas e o mantemento da biodiversidade, os cales, ademais, albergan valores biolóxicos e paisaxísticos únicos que, pola súa singularidade, todas e todos deberíamos coñecer.

As Fragas do Eume, o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, o Monte Aloia, o Xures, O Invernadeiro e a Serra da Enciña da Lastra son os seis espazos que conforman a Rede de Parques Naturais de Galicia, que, polos seus singulares valores de conservación, foron declarados Parque Natural pola Administración Galega.

En todos estes espazos existen aulas de interpretación da natureza e un servizo de información, con guías especializados, a disposición de toda persoa que queira coñecelos, podendo organizar visitas guiadas e actividades complementarias adaptadas aos grupos que así o soliciten.

A biodiversidade, os parques naturais e todo o que ten que ver co desenvolvemento sostible e o coidado do medio ambiente forma parte dos novos currículos de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato que vén de elaborar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo o anterior, anímasele a incluír na programación xeral anual do seu centro algunha actividade nestes espazos naturais, por tratarse dunha excelente oportunidade para que os alumnos e as alumnas da nosa Comunidade Autónoma coñezan e respecten o noso contorno natural, que tamén é o seu.

Na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pode consultarse información detallada de cada un destes parques, así como o contacto telefónico para concertar a visita que se pretenda realizar.

Aproveitamos a ocasión para trasladarlle un afectuoso saúdo.

Ana María Díaz López



A directora xeral de Conservación da Natureza

Manuel Corredoira López

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa